



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (D.O.G. do 09/08/1996), redactado conforme o establecido na disposición adicional terceira 1 do Decreto 7/1999 de xaneiro (DOG DO 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 nais/pais dun total de 5** que debe ter o consello escolar. Os outros 3 representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.
- 2.- Son electores todos os pais/nais, tutores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no censo correspondente que a partir da data esta exposto no taboleiro de anuncios do centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral ata as 14.00 horas do día 13 de novembro.
- 3.- Son elixibles os pais, nais, tutores/as legais que formulen a súa **candidatura oficial segundo o modelo que se solicitará na secretaria do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14 horas do día 13 de novembro** na secretaria do centro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público pola xunta electoral o día 14 de novembro (as 14 horas, entre os pais que non se presenten como candidatos. Dita mesa estará composta polo Director do centro, que actuará como presidente e catro pais /nais, tutores legais, actuando como secretario o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprendera dende o 14 ao 18 de novembro (ambos incluídos). A véspera das votacións non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais, tutores legais que o desexen
- 7.- As votacións realizaranse neste CEIP o **día 20 de novembro de 16.00 a 18.00 horas no edificio administrativo**. A mesa electoral será constituída ese mesmo día en acto público as 15,45 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se permitira voto por correo.
9. Teñen dereito a voto o pai e a nai, ou se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio de votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta par ao envío a Xunta electoral do centro.
- 11.- A Xunta Electoral de centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo a 6 de novembro de 2024

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: D. Cándido V. Vázquez Díaz

FAMILIAS DO ALUMNADO DO CEIP AS GANDARAS DE LUGO

